

# ACLARACIÓNS DE APLICACIÓN PARA O RÉXIME TRANSITORIO DA NOVA NORMATIVA DE ADMISIÓN.

## 1. Réxime ordinario

---

- De acordo coa disposición transitoria segunda da Orde do 23 de abril de 2007, o alumnado matriculado en ciclos formativos polo réxime ordinario con anterioridade ao curso académico 2007-2008 rematará os seus estudos de acordo coa normativa vixente nese momento, ata esgotar o número de matrículas ás que ten dereito. A partir do curso académico 2010-2011 deberá incorporarse ao novo sistema descrito na devandita orde computándose as convocatorias xa consumidas.
  - O alumnado que se matriculou por primeira vez no ciclo formativo no curso 2006-07, pasará automaticamente ao segundo ano sen necesidade de formalizar unha nova matrícula. Non serán por tanto de aplicación os criterios de promoción previstos no artigo 5º da citada orde.

## 2. Réxime de persoas adultas

---

- De acordo co establecido no artigo 3º da Orde do 23 de abril de 2007, os ciclos formativos polo réxime para as persoas adultas por ciclo completo desaparecen e pasan a oferta parcial modular:
  - DM→ZM.
  - DS→ZS.
- Non obstante o anterior, de cara ao vindeiro curso 2007-2008, impartiranse de forma completa todos os módulos do 2º ano dos ciclos correspondentes de graos medio e superior polo réxime para as persoas adultas, nos centros que impartiran o primeiro ano no curso académico actual. Neste caso, non será de aplicación a obriga de iniciar as actividades lectivas por este réxime a partir das 18:00 horas.

O alumnado que curse o 2º ano do ciclo formativo e teña módulos pendentes de 1º, poderá realizar a recuperación dos mesmos coincidindo co período ordinario de realización da FCT.
- O alumnado que teña que repetir deberá someterse anualmente ao procedemento de admisión de xeito modular regulado na orde de admisión.